.- **Agrupamentos:** froito da observación do alumnado, faranse agrupamentos sempre e cando o grupo o necesite co fin de conseguir unha mellora no proceso de ensinanza aprendizaxe.

**2. Tempos:** en principio seguirase a programación estipulada nas táboas de contidos.

**3. Espazos:** Aula de referencia, laboratorio de Física e Química, aula de Informática

**4. Materiais:** O departamento de Ciencias Naturais dispón dun laboratorio equipado tanto para bioloxía e xeoloxía como para física e química. Sería largo incluír aquí todos os materiais, polo que indicamos os máis utilizados:

Reactivos, material de vidro para diversas medidas, chisqueiros tipo bunsen (con botellas de gas), básculas, etc.

Ademais o laboratorio dispón de conexión a internet, pc e canón proxector.

Dispoñemos tamén dun departamento onde temos unha gran cantidade de libros, DVD's e vídeos, así como tamén conexión a internet e dous CPU's.

**5. Recursos didácticos:** Entre os recursos utilizados, o amplo espectro que configura a internet nos ofrece unha grande cantidade de recursos que incluimos nas distintas materias.

Tamén dispoñemos da Aula Virtual do Centro

## **6. AVALIACIÓN**

### **6.1 PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN INICIAL**

#### **6.1.1TEMPORALIZACION**

Realizarse no 1º mes de clase.

#### **6.1.2.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL**

Avaliación inicial. En especial, avaliaranse cunha serie de probas escritas de coñecemento básico do material propio das Ciencias Naturais e outra que versará sobre conceptos básicos de Física e Química.

As familias serán informadas por medio do profesor titor, posteriormente á avaliación inicial que realiza o centro na primeira quincena de outubro.

Os resultados serviran como referente do nivel do grupo, e se traballará dende este punto de partida.

#### **Instrumento avaliación inicial**

Avaliación inicial: proba escrita (tipo test) sobre material de laboratorio utilizado en Física e Química adaptado a cada curso e outra proba escrita (preguntas curtas) sobre coñecementos de conceptos básicos de Física e Química.

#### **6.1.3.INFORMACIÓN**

Informarase á familia por medio do titor

#### **6.1.4.DECISIONS A TOMAR**

Reforzo nos contidos nos que se detecten carencias.

## **6.2 PROCEDIMENTO AVALIACIÓN CONTINUA**

A avaliación pode ter varias finalidades. Podemos falar de avaliación para cualificar, poñer nota ou decidir a promoción ou titulación tamén avaliación para orientar a aprendizaxe do alumnado. Na práctica diaria mestúranse as dúas finalidades,

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA**

#### **1. Probas escritas.**

Trátase de probas de avaliación por escrito (exames) Terán unha valoración numérica de (1-10 )

#### **2. Probas prácticas.** Consistentes na realización de algunha actividade de carácter práctico proposta polo profesor a efectos de avaliación. Terán unha valoración numérica de (1-10 )

#### **3. Probas discrecionais.**

Están destinadas a estimular a atención do alumno n a clase e o seguimento da materia polo mesmo. Suporán unha bonificación ou penalización para o alumno que se establece máis adiante. Axustaranse ás seguintes condicións:

- Non é necesaria asúa programación nin anuncio previos.
- Poderán ser escritas, orais ou prácticas.
- Poderán afectara todo colectivo da clase, aunha parte dos alumnos ou a un só alumno.
- Cada proba será cualificada **con “+” (Ben, bonificación de 0,25 puntos), “=” (Regular, valor neutro) ou “-” (Mal, penalización de 0,25 puntos)**. Se, a efectos de corrección, a proba se califica numericamente de cero a dez puntos, establececese a seguinte equivalencia:

#### **4. Observación de traballos escritos ou construídos a nivel individual ou en equipo.** (valoración de 1-10)

**5. Observación directa da actividade do alumno en clase.** ( fananse distintas observacións eb distintos días aleatorios e cualificaranse de 1-10)

#### **6. Revisión dos traballos propostos para a casa.** (valoración de 1 a 10)

- Os métodos de avaliación especificados no apartado anterior, apóianse nos **recursos para a**

• Os procesos de avaliación dos contidos específicos da materia (contidos non transversais, de carácter científico-técnico) e dos contidos relativos a actitudes valores e normas (AVN, descritos máis adiante) serán diferenciados, considerándose estes últimos superados de partida. Os contidos criterios relativos a AVN serán avaliados por penalización, que se aplicará sobre a cualificación obtida da avaliación dos contidos específicos.

Todo o sistema de baremación aquí descrito parte de **tres tipos básicos** de cualificacións:

- Cualificacións parciais ordinarias..**
- Cualificacións por probas discrecionais de clase** (bonificación ou penalización, máximo  $\pm 2$  puntos)..
- Cualificacións por actitudes, valores e normas** (penalización, máximo -2 puntos).

- A táboa seguinte relaciona estas cualificacións cos instrumentos de avaliación:

<b>Instrumentos de avaliación nos que se basean as cualificacións básicas.</b>			
<b>Cualificacións básicas</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Cualificacións parciais ordinarias</b>	<b>Cualificación por probas discrecionais</b>
			<b>Cualificación por AVN</b>
	Probas escritas.	X	
	Probas prácticas.	X	
	Probas discrecionais (colectivas/individuais)		X
	Observación de traballos escritos ou construídos.	X	
	Observación directa da actividade do alumno en clase.	X	X
	Observación do caderno de Tecnoloxía.	X	X
	Observación do material do alumno (conservación, existencia,	X	X
	Revisión dos traballos propostos para realizar fóra do horario lectivo do alumno (deberes).	X	X

● Por razón de tradición e comodidade, chamaremos “**proba ordinaria**” a calquera actividade ou proceso de avaliación **en primeira instancia**,

Do mesmo xeito, chamaremos “**proba de recuperación**” a calquera actividade ou proceso de avaliación **destinada á mellora da cualificación** obtida nunha proba ordinaria.

**● O alumno terá dereito, como mínimo, á realización por unha vez das probas de recuperación correspondentes ó primeiro e ó segundo trimestre, sempre que existan probas e actividades de avaliación ordinarias susceptibles de tal dereito. Estas probas realizaranse preferentemente ó comezo do trimestre seguinte.**

Cando se programe unha proba de recuperación, estarán obrigados a presentarse á mesma todos os alumnos que teñan a proba ordinaria correspondente avaliada negativamente con unha cualificación inferior a 4 puntos. Os alumnos que non cumpran coa obriga de presentarse outorgaráselles unha cualificación de cero puntos na proba de recuperación.

- Os alumnos que **non asistan** a algunha proba ordinaria ou de recuperación, estarán suxeitos ás seguintes posibilidades:
  - Se é posible realizar a cualificación sen a presenza do alumno, non haberá maiores consecuencias que as da propia falta de asistencia (traballos realizados).
  - Se é posible (polas características da proba, o tempo dispoñible, etc.), realizarase a proba noutra data. Esta opción está suxeita á previa xustificación da falta de asistencia segundo o establecido polo Regulamento de Réxime Interior do centro; **en caso de non xustificación, outorgarase unha cualificación de cero puntos.**
  - Se non é posible realizar a proba noutra data:
    - alumno non xustifica a falta: outórgase unha cualificación de cero puntos.
    - alumno xustifica a falta: outórgase unha cualificación igual á media ponderada das probas realizadas ata o momento desde o inicio do curso.

**● Os criterios de carácter transversal relacionados con actitudes, valores e normas (AVN) serán avaliados por observación directa do alumno e son os que se relacionan a continuación:**

- Respetar a integridade física, moral e afectiva de todas as persoas.
- Respetar e conservar os recursos e instalacións do centro.
- Respetar o dereito ó traballo e ó estudo dos demais membros da comunidade educativa.
- Respetar e conservar os enseres dos demais membros da comunidade educativa, así como os do propio alumno.
- Manter o espazo de traballo nas debidas condicións de limpeza.
- Contribuír ó normal desenvolvemento das clases nas condicións axeitadas.
- Asistir ás sesións de clase con puntualidade salvo causa xustificada.
- Respetar as normas de seguridade e saúde na aula.
- Aportar o material de alumno requerido polo profesor.
- Presentar o caderno do alumno cando o profesor o solicite, cos contidos a orde requeridos.
- Presentar as tarefas encomendadas polo profesor no debido tempo e forma (deberes, traballos, etc)
- Realizar as tarefas encomendadas polo profesor nas condicións indicadas, sen aproveitarse indebidamente do traballo de outras persoas. Rexistrarse no caderno do profesor unha anotación negativa por cada ocasión en que se observe un incumprimento destes criterios.


● Penalizacións por accións ilícitas durante a realización de probas de avaliación.

Accións ilícitas	Penalización.
Calquera acción leve destinada a obter ou proporcionar información ilícita (comunicarse con un compañeiro de forma leve sen facer uso de medios materiais, mirar o exame de un compañeiro ou amosar o propio en forma leve). (*)	Desconto do 10% da puntuación máxima da proba.
Accións graves destinadas a obter ou proporcionar información ilícita, apoiando se en medios materiais (libro, caderno, follas de notas—chuletas—, intercambio de exames, etc.).	Interrupción da proba e adxudicación automática de unha cualificación de cero puntos.

● En cada sesión de avaliación oficial emitirase para o alumno unha nota resultante de todo o proceso de avaliación do período correspondente ao trimestre en cuestión.

Para obter unha cualificación positiva (aprobado), o alumno deberá ter alcanzados todos os estándares de aprendizaxe segundo se reflexa no punto 5 de esta programación. O proceso de cálculo das cualificacións de avaliación oficial axustase ó **seguinte esquema básico:**



**ESQUEMA BÁSICO DO PROCESO DE CÁLCULO DE CUALIFICACIÓNS**

?

**NOTA FINAL TRIMESTRE (BOLETÍN avaliación oficial)**  
**media ponderada das "cualificacións integradas de trimestre" dos trimestres vencidos**

### **6.3 PROCEDIMIENTO AVALIACIÓN FINAL**

Cualificación da **avaliación final ordinaria do mes de xuño**. Será a media aritmética da Cualificación integrada dos tres trimestres, tomando para o cálculo a cualificación integrada de trimestre con dous decimais .

A nota do boletín de cualificación, será a de avaliación final ordinaria con cero decimais. Aproximando o número enteiro máis próximo.

### **6.4 PROCEDIMIENTO AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Nas probas extraordinarias de setembro empregaranse como instrumentos de avaliación probas escritas ou probas prácticas, segundo o descrito nesta programación.

Rexen as condicións establecidas nesta programación para as “probas ordinarias” ,salvo aquelas que puideran non ser procedentes. Rexen as penalizacións por acción ilícitas durante a realización de probas de avaliación ,descritas nesta programación.

Para obter unha cualificación positiva (aprobado),o alumno deberá superar a totalidade dos estándares de aprendizaxe

### **6.5 PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES**

No caso dos pendentes de 2º da Eso que cursen 3º pódense dar dúas circunstancias:

Si superan os contidos de 3º consideranse superados os de 2º

Os alumnos poderán realizar probas extraordinarias durante o curso ( unha por trimestre) sempre que o desexen ou en caso de non superar os contidos de terceiro.

Rexen as condicións establecidas nesta programación para as “probas ordinarias” ,salvo aquelas que puideran non ser procedentes. Rexen as penalizacións por acción ilícitas durante a realización de probas de avaliación ,descritas nesta programación.

Para obter unha cualificación positiva (aprobado),o alumno deberá superar a totalidade dos estándares de aprendizaxe

**7.-OUTRAS AVALIACIÓNS****7.1.- AVALIACION DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

(Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				x
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?			X	
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			X	
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			X	
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?			X	
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?			X	
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?			X	
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?			X	
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			X	
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				x
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				X
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?			X	

<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				X
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				X
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				X
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				X
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				X
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				X
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				X
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				X
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				X
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				X
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				x
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				x
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?			x	
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				x
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?			x	

## **7.2.- AVALIACION DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

### **7.2.1.- Mecanismo revisión**

Ó longo de todo o curso e a través das reunións de departamento íranse reflexando todos aqueles aspectos da programación que precisen da súa modificación ou revisión para o vindeiro curso. Ademais, ó remate do curso, realizarase unha avaliación da programación co obxecto de determinar entre outros os seguintes aspectos:

- Grao de adecuación e adquisición dos obxectivos específicos para cada curso.
- Temporalización e secuenciación dos contidos para cada curso.
- **Necesidade de modificación, introdución ou adecuación de contidos específicos en cursos concretos.**
- Reflexión sobre o desenvolvemento da programación ó longo do curso, especialmente naqueles casos nos que esta non foi cuberta na súa totalidade para cada curso.
- Reflexión sobre o grao de contribución á adquisición das competencias básicas por parte de cada unha das materias do departamento.
- Reflexión sobre os resultados académicos do alumnado.
- Análise global do curso académico e das actividades extraescolares e complementarias

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
<b>(Indicadores de logro)</b>				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			x	
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			X	
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?			X	
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			X	
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			X	
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			X	
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			X	
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			X	
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			X	
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			X	
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?			X	
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			x	
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?		x		
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?		x		
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?			X	

16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?			X	
17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			X	
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			X	
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			X	
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			X	
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?			X	
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?			X	
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			X	
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?			X	
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			x	
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?		x		
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				x
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				X
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso		X		
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?		X		
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				x

**8. ATENCIÓN A DIVERSIDADE****8.1 MEDIDAS ORDINARIAS**

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? <b>NO</b></p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. <b>NO</b></p> <p>b) Espazos diferenciados? <b>NO</b></p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? <b>NO</b></p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? <b>NO</b></p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria? <b>NO</b></p> <p>4. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? <b>AS REGLADAS NO REGLAMENTO DE ORDE DO CENTRO.</b></p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais? <b>NO</b></p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? <b>NO</b></p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? <b>NO</b></p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? <b>AS DO CENTRO</b></p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? <b>SEGUNDO O CENTRO</b></p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? <b>NO</b></p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. <b>NO</b></p>

**8.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? <b>NO</b></p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? <b>NO</b></p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)? <b>NO</b></p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? <b>NO</b></p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? <b>NO</b></p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? <b>NO</b></p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? <b>NO</b></p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? <b>NO</b></p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc -</p>

**CURSO 2020/2021. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

<b>2º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Una alumno repetidor</li> <li>-Un alumno con TDAH</li> <li>-Dous alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe</li> <li>-Alumnado con materias pendentes</li> <li>-Alumnado con exención de segunda lingua estranxeira que segue un programa de reforzo na materia de Matemáticas</li> </ul>
<b>3º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Un alumno con TDAH</li> <li>-Alumnado con materias pendentes</li> </ul>
<b>4º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Un alumno con NEE (síndrome de Asperger)</li> <li>-Alumnado con materias pendentes.</li> </ul>

## CINCO TIPOS DE MEDIDAS: TODAS CONTAN COMO **REFORZO EDUCATIVO** NO EXPEDIENTE D@S ALUMN@S:

- **-Reforzo educativo por parte do profesorado da materia**
- **-Apoio da profesora de PT**
- **-Programa específico personalizado:** cada alumno ou alumna repetidor que no curso anterior non acadara os obxectivos nunha materia seguirá un programa orientado á superación deses dificultades
- **-Reforzo educativo de materias pendentes.**
- **-Programa de reforzo:** e o que segue o alumnado de 1º e 2º está exento de cursar a segunda lingua estranxeira.

### FÍSICA E QUÍMICA

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
	<b>-Progr. específico personalizado</b> (sería Reforzo educativo xa que repite por esta materia):  José Manuel Barreira		<b>-Reforzo educativo:</b> Diego



**9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As incluídas na PXA.

**10. DATOS DEPARTAMENTO**

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupos</b>	<b>Profesor/a</b>
Física e Química	2º ESO	1	Sandra Pérez Coto
Física e Química	3º ESO	1	Simeón Neira López
Física e Química	4º ESO	1	Simeón Neira López

## ADENDA COVID

### 1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Analizados os informes individualizados elaborados ao final do curso 2020/21 e feita a avaliación inicial, compróbase que o alumnado ten adquiridas as aprendizaxes imprescindibles establecidas para as diferentes materias do curso 2020/21

### 2. Transición ao ensino non presencial, se fose necesario: actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial

#### a. Metodoloxía didáctica

Durante os primeiros días de clase, en setembro, promoveranse accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino semipresencial ou a distancia. Do mesmo modo, facilitaráselle ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matricule no curso da materia obxecto desta programación. Garantirase que o alumnado coñeza o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

No caso de ter que realizar unha actividade lectiva semipresencial ou a distancia, impulsaranse metodoloxías activas axustadas ás necesidades concretas do alumnado e grupo que fomenten no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora e. O uso de recursos tecnolóxicos serán a base para continuar co proceso formativo, desenvolvendo no alumnado actuacións que contribúan a que adquira as competencias clave e os obxectivos de curso fixados para esta materia.

De maneira xeral, realizaranse as seguintes actividades:

- Control da asistencia ás clases virtuais.
- Explicación da parte teórica de cada tema a través da aplicación Cisco Webex Meetings.
- Resolución por parte do profesorado de exercicios de cada tema tamén en clases virtuais.
- Resolución por parte do alumnado de exercicios de cada tema.
- Entrega por parte do alumnado de traballos planificados.
- Outras actividades que faciliten a valoración e o seguimento das clases virtuais así como o progreso do alumnado.

A constatación de que algún alumno/a presenta actividades das que non é autor/a implicará automaticamente unha valoración de 0 en ditas actividades. Do mesmo modo, cando o profesorado considere que as probas ou os traballos que se fagan de xeito non presencial precisen dunha verificación de autoría, poderáselle requirir a realización dunha defensa oral que demostre a asimilación dos contidos por parte do alumnado que se atopará só nun espazo da súa casa.

Durante este período de ensino semipresencial ou a distancia realizaranse actividades de recuperación, repaso e reforzo de aqueles estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles impartidas mentres houbo actividade lectiva presencial e, de ser o caso, traballaranse aqueles aprendizaxes imprescindibles da materia e curso actual que non puideron ser impartidos de forma presencial.

### b. Procedementos e instrumentos de avaliación na actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial

#### **ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Para establecer os procedementos e instrumentos de avaliación serán fundamentais, e tomaranse como referencia, os resultados académicos acadados polo alumnado nas diferentes avaliacións, traballos, comportamento, notas no caderno de control ou exames realizados durante a actividade lectiva presencial.

Contémpanse dúas variantes:

1. momento no que deixe de haber actividade lectiva presencial e
2. Media aritmética das cualificacións obtidas polo alumno/a ata ese momento

Así teríamos:

Avaliación	Media aritmética	Procedementos _ Instrumentos _ Cualificación
1ª Aval.	Menos de 5	<p>O alumno/a fará como <b>mínimo 1 proba</b>. Esta proba será preferentemente escrita, e será telemática (a través da aplicación Cisco Webex Meetings ou calquera outro método que permita levala a cabo) se a situación sanitaria non permitira a realización de probas presenciais.</p> <p>O seguimento das clases virtuais desa avaliación aportará un <b>10%</b>, a realización das actividades de dita avaliación aportará tamén un <b>30%</b>, e a <b>proba aportará un 60% do total da cualificación</b>.</p> <p>A nota desta avaliación nunca será inferior á media aritmética acadada durante o período lectivo presencial.</p>
	5 ou máis de 5	<p>Este alumnado realizará a mesma proba que se recolle no apartado anterior.</p> <p>Á media aritmética obtida polo alumno/a sumáraselle <b>0,7 puntos</b> se a valoración do traballo realizado no trimestre (<b>25% seguimento das clases virtuais, 75% realización das actividades</b> propostas) e ata <b>0,8</b> puntos pola cualificación da <b>proba</b>. Finalmente, redondearase a cualificación obtida ó enteiro máis próximo e esa será a cualificación na avaliación.</p> <p>Se o alumno/a non mostrase interese no seguimento das clases, elaboración de traballos e/ou o resultado da proba fose inferior a 3 puntos, poderíasele rebaixar a nota da media aritmética ata 1 punto (aínda que nunca se lle podería poñer unha nota de avaliación inferior a 5).</p>

Avaliación	Media aritmética	Procedementos _ Instrumentos _ Cualificación
2ª Aval.	Menos de 5	<p>O alumno/a fará como <b>mínimo 1 proba</b>. Esta proba será preferentemente escrita, e será telemática (a través da aplicación Cisco Webex Meetings ou calquera outro método que permita levala a cabo) se a situación sanitaria non permitira a realización de probas presenciais.</p> <p>O seguimento das clases virtuais desa avaliación aportará un <b>10%</b>, a realización das actividades de dita avaliación aportará tamén un <b>30%</b>, e <b>a proba aportará un 60% do total da cualificación</b>.</p> <p>A nota desta avaliación nunca será inferior á nota acadada na 1ª avaliación.</p>
	5 ou máis de 5	<p>Este alumnado realizará a mesma proba que se recolle no apartado anterior.</p> <p>Á media aritmética obtida polo alumno/a sumaráselle <b>0,7 puntos</b> se a valoración do traballo realizado no trimestre (<b>25% seguimento das clases virtuais, 75% realización das actividades</b> propostas) e ata <b>0,8</b> puntos pola cualificación da <b>proba</b>. Finalmente, redondearase a cualificación obtida ó enteiro máis próximo e esa será a cualificación na avaliación.</p> <p>Se o alumno/a non mostrase interese no seguimento das clases, elaboración de traballos e/ou o resultado da proba fose inferior a 3 puntos, poderíase rebaxar a nota da media aritmética ata 1 punto (aínda que nunca se lle podería poñer unha nota de avaliación inferior a 5 nin inferior á nota da 1ª avaliación).</p>

Avaliación	Media aritmética	Procedementos _ Instrumentos _ Cualificación
3ª Aval.	Menos de 4	<p>O alumno/a fará como <b>mínimo 1 proba</b>. Esta proba será preferentemente escrita, e será telemática (a través da aplicación Cisco Webex Meetings ou calquera outro método que permita levala a cabo) se a situación sanitaria non permitira a realización de probas presenciais.</p> <p>O seguimento das clases virtuais desa avaliación aportará un <b>10%</b>, a realización das actividades de dita avaliación aportará tamén un <b>30%</b>, e <b>a proba aportará un 60% do total da cualificación</b>.</p> <p>A nota desta avaliación nunca será inferior á nota acadada na 2ª avaliación.</p>
	4 ou máis de 4 e menos de 5	<p>O alumno/a pode optar por realizar ou non a proba.</p> <p><b>Se opta por non realizar a proba:</b> Á media aritmética obtida polo alumno/a sumaráselle <b>1 punto</b> se a valoración do traballo realizado no terceiro trimestre (<b>25% seguimento das clases virtuais, 75% realización das actividades</b> propostas) é maior ou igual do 60%. Finalmente, redondearase a cualificación obtida ó enteiro máis próximo e esa será a cualificación na avaliación.</p> <p><b>Se opta por realizar a proba:</b> O seguimento das clases virtuais desa avaliación aportará un <b>10%</b>, a realización das actividades de dita avaliación aportará tamén un <b>10%</b>, e <b>a proba aportará un 80% do total da cualificación</b>.</p>
	5 ou máis de 5	<p>Este alumnado realizará a mesma proba que se recolle no apartado anterior.</p> <p>Á media aritmética obtida polo alumno/a sumaráselle <b>0,7 puntos</b> se a valoración do traballo realizado no trimestre (<b>25% seguimento das clases virtuais, 75% realización das actividades</b> propostas) e ata <b>0,8</b> puntos pola cualificación da <b>proba</b>. Finalmente, redondearase a cualificación obtida ó enteiro máis próximo e esa será a cualificación na avaliación.</p> <p>Se o alumno/a non mostrase interese no seguimento das clases, elaboración de traballos e/ou o resultado da proba fose inferior a 3 puntos, poderíase rebaxar a nota da media aritmética ata 1 punto (aínda que nunca se lle podería poñer unha nota de avaliación inferior a 5 nin inferior á nota da 2ª avaliación).</p>

Non se aceptarán traballos fóra do prazo indicado ou por outros medios que non sexan os precisados polo profesorado. Todas as probas e traballos esixidos serán de carácter obrigatorio.

### **ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**

Tendo en conta que na actividade lectiva semipresencial o alumnado acudirá con certa regularidade ao centro, a programación didáctica para a actividade lectiva presencial é válida para esta modalidade coas modificacións que se indican a continuación.

No caso de que unha parte do alumnado dun grupo estea no centro uns días e outra parte na casa, nas sesións presenciais incidiríase fundamentalmente nas aclaracións de aspectos teóricos mentres que a práctica faríana os días que estiveran na casa. De ser o caso, facilitaríáselles material audiovisual e dixital para reforzar as explicacións cando estean nos seus domicilios. O alumnado que non asista ao centro realizará de forma preferente actividades de tipo práctico en distintos soportes. Estes tamén poderán mandar as dúbidas no horario que lle correspondería á materia de forma presencial a través do medio indicado polo profesorado e serán atendidas á maior brevidade posible segundo a súa dispoñibilidade horaria.

O traballo realizado polo alumno/a na casa poderá incrementar a nota final de cada avaliación ata **1 punto** se a valoración do traballo realizado no trimestre (**realización das actividades** propostas) é maior ou igual do 70%  
Non se aceptarán traballos fóra do prazo indicado ou por outros medios que non sexan os precisados polo profesorado. Todas as probas e traballos esixidos serán de carácter obrigatorio.

#### c. Medidas de atención ao alumnado con dificultades dixitais

Un dos principios de calquera lei educativa é a compensación das desigualdades.

Desde a administración e centros educativos débense establecer uns criterios e facilitar ao alumnado que o necesite, os recursos que lle permitan reducir esas desigualdades para contar cos medios dixitais, de conexión necesarios,... para poder optar a un ensino de calidade e en condicións de igualdade.

Todo o alumnado recibirá unha formación inicial para coñecer as ferramentas da aula virtual. Aqueles alumnos/as con que non dispoñan de equipos dixitais (ordenadores, conexión a internet,...) facilitaráselles en sistema de préstamo, desde os centros educativos, os recursos necesarios para garantir un acceso en condicións a un ensino non presencial.